

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 31 DE XULLO DE 2015.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 17,00 horas do día 31 de xullo de 2015, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA. (PSG-PSOE)

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

D^a. YOLANDA BOUZAS ALFONSÍN. (PSG-PSOE).

D. JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS. (PSG-PSOE).

D^a. MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ (PSG-PSOE).

D^a. MARÍA DEL CARMEN REY TÚÑEZ (PSG-PSOE).

D^a. MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA (PSG-PSOE).

D. JESÚS QUINTELA VÁZQUEZ. (PSG-PSOE).

D. JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ. (PSG-PSOE).

D. FRANCISCO JAVIER BLANCO SÁNCHEZ. (PSG-PSOE).

D. JOSÉ DAVID GARCÍA ARCOS. (PP)

D^a. PATRICIA AGRAFOJO LOIS. (PP)

D. XESÚS PENA ESPÍÑA. (BNG)

D. XOSÉ LUIS PENAS CORRAL (BNG).

Non asisten:

Secretario: D. JOSE MANUEL GONZÁLEZ GARCÍA, secretario do Concello.

Asiste a Interventora do Concello D^a. MARGARITA FERNÁNDEZ SOBRINO.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A CREACIÓN DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR E DESENVOLVEMENTO COMUNITARIO.

2º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 19-T REGULADORA DA TAXA DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE E UTILIDADE MUNICIPAL DAS OBRAS DE CUBERTA DE PATIO DA ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL DOS ÁNXELES..

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO DE BENS DO CONCELLO A 31.12.2014.

5º) DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2015.

6º) DACIÓN DE CONTA DO INFORME SOBRE CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 20154.

1º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A CREACIÓN DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR E DESENVOLVEMENTO COMUNITARIO.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 24 de xullo de 2015, que transcrita di:

“**D. José Luis García García**, Alcalde- Presidente do Concello de Brión, no exercicio das facultades que lle confiren o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG), propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO, non obstante resolverá o que estime conveniente:

Visto que na sesión 17 de xullo de 2015 o Pleno da Corporación acordou crear as Comisións Informativas seguintes:

- a) Comisión Informativa de Administración, Economía, Transparencia e Participación Cidadá.
- b) Comisión Informativa de Ordenación do Territorio e Urbanismo, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos.
- c) Comisión Informativa de Política Social e Cultura.

Considerando que para reflectir do xeito máis adecuado a estrutura organizativa do concello, facilitando a emisión dos ditames nos asuntos tramitados por cada área do concello, para incrementar a participación dos grupos políticos na xestión dos asuntos municipais e para facilitar o seu labor de fiscalización das propostas do goberno municipal se estima conveniente e adecuado crear unha nova comisión informativa con atribucións nas áreas de benestar e desenvolvemento comunitario.

Considerando que o art. 124.2 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF)) dispón que *“o seu número e denominación iniciais [das comisións informativas permanentes], así como calquera variación das mesmas durante o mandato corporativo, decidirse mediante acordo adoptado polo Pleno a proposta do Alcalde ou Presidente, procurando, no posible, a súa correspondencia co número e denominación das grandes áreas nas que se estruturan os servizos corporativos”*.

Visto canto antecede, **RESOLVE:**

Primeiro.- Modificar o número das comisións informativas permanentes creadas polo Pleno da Corporación na sesión do 17/07/2015, creando a nova comisión informativa que se relaciona de seguido:

- a) Comisión Informativa de Benestar, Desenvolvemento Comunitario e Económico, Deportes, Ocio e Turismo: terá atribucións nas materias relativas ao benestar e desenvolvemento da comunidade veciñal, promoción económica e turismo, actividades de ocio e deportes.

A comisión informativa que se crea rexeráse polas normas e regras fixadas polo Pleno da Corporación na súa sesión do 17/07/2015.

Segundo.- As comisións informativas do Concello de Brión terán a seguinte composición:

- a) Comisión Informativa de Benestar, Desenvolvemento Comunitario e Económico, Deportes, Ocio e Turismo:
 - Presidente: o Alcalde.
 - Tres representantes do grupo municipal do PSdG- PSOE: D^a. Yolanda Bouzas Alfonsín, D^a. María Carmen Rey Túdez e D^a. María Rosa Romero Fariña.

- Un representante do grupo municipal do PP.
- Un representante do grupo municipal do BNG.

A designación concreta dos membros de cada comisión e do seu suplente realizarase mediante escrito do voceiro de cada grupo político dirixido ao Alcalde- Presidente.”

Non se producen intervencións.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

2º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 19-T REGULADORA DA TAXA DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 20 de xullo de 2015, que transcrita di:

“Visto o expediente tramitado polo Concello para a modificación da ordenanza fiscal nº 19 T reguladora da taxa de saneamento e depuración da augas residuais, motivado pola necesidade de actualizar as tarifas existentes, segundo o contrato asinado con data 10 de abril de 2012, que se actualizarán consonte co disposto no art. 90.3 do RDL 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, polo importe do 85% da variación experimentada polo Índice de Prezos de Consumo elaborado polo Instituto Nacional de Estatística, de abril de 2014 a abril de 2015, que é do -0,6%, polo que a actualización das tarifas será polo -0,58%.

Visto o informe de Intervención, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a modificación da vixente ordenanza fiscal núm. 19 T reguladora da taxa de saneamento e depuración de augas residuais, publicada no BOP da Coruña núm. 66, do 23.03.2009, modificada por acordos do Pleno do 20.10.2010, publicado no BOP do 13.12.2010; do 03.11.2011, publicado no BOP do 22.12.2011; do 19.06.2013, publicado no BOP do 12.08.2013, e do 18.06.2014, publicada no BOP do 11.08.2015 nos seguintes termos:

1.1-. Modifícanse as tarifas 1 a 5 do art. 5: Cota Tributaria, que pasan a ter a seguinte redacción:

TARIFA 1. VIVENDAS.

Por cada m3 facturado en abastecemento	Tarifa
Servizo de saneamento	0,095698 €/ m3
Servizo de depuración	0,206505 €/ m3

TARIFA 2. FINCAS E LOCAIS NON DEDICADOS EXCLUSIVAMENTE A VIVENDAS.

Por cada m3 facturado en abastecemento	Tarifa
Servizo de saneamento	0,095698 €/ m3
Servizo de depuración	0,206505 €/ m3

TARIFA 3. USUARIOS NON DOTADOS CON AUGA DO ABASTECEMENTO MUNICIPAL.

Cota mensual fixa	Tarifa
Servizo de saneamento	0,956998 €/ abo. mes
Servizo de depuración	2,065054 €/ abo. mes

TARIFA 4. INDUSTRIAS NON DOTADAS CON AUGA DO ABASTECEMENTO MUNICIPAL, OU QUE UTILICEN XUNTO CA AUGA DA REDE OUTRA DE DISTINTA PROCEDENCIA.

Instalarán ao seu cargo sistemas de medida do caudal para determinación da cantidade a facturar. No caso de acordo entre o abonado e concesionario poderáselle practicar un aforo que servirá de base para a facturación. As tarifas a aplicar serán as seguintes:

Por cada m3 medido ou aforado	Tarifa
Servizo de saneamento	0,095698 €/ m3
Servizo de depuración	0,206505 €/ m3

TARIFA 5. ACOMETIDAS.

Prezos para acometida de auga residual formada por arqueta de saída, tubería de P.V.C., Ø 160-200 mm./5 atm., incluída excavación, recheo, demolición e reposición de firme no seu caso, así como conexión a pozo o colector existente con kit especial de estanqueidade, para unha profundidade máxima de 1,50m, e para unha lonxitude máxima de 5 m.

	Tarifa
Zanxa en terra	352,98 €/ ud
Zanxa en asfalto	394,02 €/ ud
Zanxa en baldosa- beirarrúa	442,67 €/ ud

Todos os prezos anteriores veranse gravados co IVE correspondente.

A presente modificación entrará en vigor unha vez publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia de conformidade co artigo 107 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de editos do Concello e no BOP, prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. Non caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo

plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da modificación aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Tal é a miña proposta non obstante o Pleno do Concello previo ditame da Comisión Informativa Especial de Contas adoptará o acordo que estime máis pertinente.”

Non se producen intervencións.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE E UTILIDADE MUNICIPAL DAS OBRAS DE CUBERTA DE PATIO DA ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL DOS ÁNXELES.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 22 de xullo de 2015, que transcrita di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA SOBRE A DECLARACIÓN ESPECIAL INTERESE E UTILIDADE MUNICIPAL DAS OBRAS DE “CUBERTA DE PATIO DA ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL DE OS ÁNXELES” AOS EFECTOS DE APLICAR A BONIFICACIÓN PREVISTA NO ARTIGO 8.1a)-2 DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN INSTALACIÓN E OBRAS

O día 26.11.2014 polo Pleno da Corporación acordouse a aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Brión e a Asociación de Pais e Nais Rosalía de Castro da escola de educación infantil Os Ánxeles de Brión para a cesión do uso temporal por oito anos dun terreo anexo ao edificio da Escola de Educación Infantil de Os Ánxeles onde se atopaba a antiga piscina municipal, hoxe xa inexistente, que ten a natureza xurídica de ben de dominio público afecto aos servizos escolar e cultural, terreo que forma parte segundo o inventario de bens do Concello do conxunto identificado como edificio escolar nos Ánxeles, con referencia catastral do inmovible no seu conxunto: 6645111NH2464N0001LD, tendo este terreo anexo unha superficie segundo o catastro de:186 m2.

A cesión tiña por obxecto que ANPA Rosalía de Castro ANPA realizase as obras de: proxecto de cuberta de patio da Escola de Educación Infantil Os Ánxeles, para o que pretendía acadar financiamento europeo a través dos Programas Leader Galicia 2007-2013, no marco financeiro 2014-2015, a través da entidade Terras de Compostela (GDR 24), de tal xeito que os fondos que non se acadasen con esa subvención europea serán financiados pola Fundación Paideia a través do Programa Proder.

Ao tratarse dunha construción, instalación ou obra, realizada por entidade de interese público ou asociación veciñal en bens de uso ou servizo público municipal, o concello comprometéase, coa autorización previa do Pleno do Concello, previa solicitude da licenza urbanística, consonte co disposto na ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras, a aplicar sobre a cota íntegra do imposto un beneficio fiscal do 95% da cota tributaria.

Con data de 26 de maio de 2015 a ANPA Rosalía de Castro solicita licenza de obras para cuberta de patio da Escola de Educación Infantil Os Ánxeles, así mesmo o día 3 de xullo de 2015 solicita a

bonificación no imposto de construcións instalacións e obras en base ao Convenio asinado o día 28 de novembro de 2011.

A ordenanza fiscal reguladora do imposto de construcións instalacións e obras publicada no BOP do día 23.06.2015 establece unha serie de bonificacións enmarcadas no artigo 103.2.a) do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, para as que se require a previa declaración de especial interese ou utilidade municipal polo órgano competente a solicitude do suxeito pasivo. Entre os distintos beneficios fiscais atópase o do 95% da cota tributaria para as obras, construcións e instalacións realizadas por entidades de interese público ou asociacións veciñais en bens de uso ou servizo público municipal, coa autorización previa do órgano correspondente.

A asociación ANPA Rosalía de Castro consta inscrita no rexistro de asociacións do concello e ten carácter público sen ánimo de lucro, tendo entre os seus fins o desenvolvemento de actuacións que coadruen ao dereito a recibir unha educación en condicións óptimas.

En canto as obras a realizar responden a un especial interese e utilidade municipal xa que coa sinatura do convenio ca ANPA Rosalía de Castro tratouse de darlle unha utilidade aos terreos onde ata hai uns anos se atopaba unha piscina municipal, e que non tiñan ningunha utilidade, e que formaban parte do inmovible do edificio escolar dos Ánxeles. Así mesmo o convenio establece a cesión do uso temporal dos terreos por oito anos para que poidan realizar as obras e destinalas ao seu fin durante o prazo de cinco anos, unha vez rematado o prazo de cesión a edificación construída sobre o terreo pasará a ser propiedade do Concello, de xeito gratuíto e libre de calquera tipo de carga ou gravame, ao tratarse dun ben de dominio público afecto a un servizo público e ser polo tanto inalienable e inembargable.

Logo de comprobar o informe de intervención favorable a declaración de especial interese e utilidade pública das obras para a aplicación dun beneficio fiscal do 95% sobre a cota tributaria do ICIO, tendo en conta o artigo 8.1a)-2 da ordenanza fiscal reguladora do imposto que establece “ Establécese un beneficio fiscal do 95% da cota tributaria para as seguintes instalacións, construcións e obras: 2) As obras, construcións e instalacións realizadas por entidades de interese público ou asociacións veciñais en bens de uso ou servizo público municipal, coa autorización previa do órgano correspondente”.

Logo de comprobar que o artigo 103 do texto refundido da Lei de facendas locais que establece que corresponde a declaración de especial interese ou utilidade municipal ao pleno da corporación, co voto favorable da maioría simple dos seus membros, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar, de acordo co artigo 103 do texto refundido da Lei de facendas locais, a declaración de especial interese e utilidade pública das obras de “cuberta de patio da Escola de Educación Infantil Os Ánxeles”, tendo en conta que se trata de obras realizadas por unha asociación inscrita no rexistro de asociacións en bens de uso municipal. Así mesmo a finalidade das citadas obras é darlle unha utilidade aos terreos onde ata hai uns anos se atopaba unha piscina municipal, e que non tiñan ningunha utilidade, e que formaban parte do inmovible do edificio escolar dos Ánxeles, todo elo tendo en conta que rematado o prazo de oito anos de cesión do uso temporal dos terreos establecido no convenio asinado ca ANPA Rosalía de Castro, a edificación construída sobre o terreo municipal pasará a ser propiedade do Concello, de xeito gratuíto e libre de calquera tipo de carga ou gravame, ao tratarse dun ben de dominio público afecto a un servizo público e ser polo tanto inalienable e inembargable.

2º) Dar traslado os servizos económicos para que unha vez tramitada a licenza de obras se aplique o beneficio fiscal do 95% sobre a cota tributaria en base o establecido no artigo 8.1a)-2 da ordenanza fiscal reguladora do imposto de construcións instalacións e obras.”

D. Xesús Pena Espiña pregunta quen financia a obra de construción da cuberta do patio da escola, se é a ANPA.

O Sr. Alcalde explica que a obra se sitúa nun ámbito no que se considerou que era mellor construír un patio para escola que unha piscina. Continúa detallando que a Fundación Paideia e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia colaboran neste proxecto: a Fundación Paideia financiando a obra e o COAG coa redacción do proxecto técnico, logo de facer un pequeno concurso para ese fin. Engade que, nun principio, tamén FINSA ía colaborar no financiamento da obra pero no derradeiro momento apartouse, asumindo a Fundación Paideia integramente o custo do proxecto. Pola súa banda, di, o concello colabora nesta actuación coa cesión da parcela na que se vai facer a obra, cesión feita coa obriga de destinala a un uso público, e tramitando unha bonificación do ICIO.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO DE BENS DO CONCELLO A 31.12.2014.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 24 de xullo de 2015, que transcrita di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA SOBRE RECTIFICACION DO INVENTARIO DE BENS DO CONCELLO A 31.12.2014.

En cumprimento do disposto no artigo 86 do RDL 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e realizados os traballos de rectificacións oportunas no inventario de bens e dereitos desta entidade.

Emitido informe intervención sobre lexislación aplicable e procedemento a seguir, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar a rectificación do inventario municipal de bens e dereitos pertencentes a este Concello, referidos ao período comprendido entre o 31 de decembro de 2013 e o 31 de decembro de 2014, nos seguintes termos:

ALTAS

1. INMOBLES:

1100043 PARCELAS NA URBANIZACIÓN AGRO NOVO. No parque infantil colocouse pavimento continuo de caucho de cores, de espesor comprendido entre 7 a 4 cm. segundo altura de caída dos xogos. Estas obras foron financiadas parcialmente pola Xunta de Galicia e cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2007-2013. As obras adxudicáronse mediante Resolución da Alcaldía do 26 de agosto de 2014 á empresa Lappset España VR SL, por importe de 15.538,80 €. As obras foron recibidas o 22 de setembro de 2014.

VALOR:..... 15.538,80 €

1100068 PARCELAS NO LUGAR DE LAMIÑO, AREA DE REPARTO Nº 8, POLÍGONO 1, DO PLANO XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL. No parque infantil colocouse pavimento continuo de caucho de cores, para substituír o pavimento feito a base de area. Esta obra foi subvencionada integramente pola Deputación Provincial de A Coruña ao abeiro do Convenio de colaboración entre deputación e concello 138/2014. A obra adxudicouse mediante Resolución

da Alcaldía do 29 de agosto de 2014 á empresa Lappset España VR SL, por importe de 38.751,62 €. A obra recibíuse o 11 de novembro de 2014.

VALOR:..... 38.751,62 €

1100075. Realizáronse obras de instalación de saneamento de augas pluviais en cunetas, e posterior conexión á rede de saneamento existente, construción de beirarrúas e creación de novas prazas de aparcamento, na estrada que da acceso ás pistas deportivas, pavillón e piscina municipal de Lamiño. As obras foron financiadas pola Deputación Provincial da Coruña ao abeiro do convenio de colaboración número 277/2013 e realizáronse por administración do concello por importe de 9.751,59 € e foron recibidas o 23 de xullo de 2014. Este ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención pola Deputación da Coruña polo menos durante un prazo de cinco anos.

VALOR:..... 9.751,59 €

1221007 NOVA CASA DO CONCELLO. Leváronse a cabo obras de mellora da praza do Concello, consistentes na retirada da actual carpintería de aluminio, que pecha as escaleiras de acceso ao soto e instalación no seu lugar dun pavimento de tramex, apoiado nunha estrutura metálica. Estas obras foron financiadas integramente pola Deputación Provincial ao abeiro do Convenio de colaboración número 136/2014 e adjudicáronse mediante Resolución da Alcaldía do 8 de setembro de 2014 á empresa Eulogio Viñal Obras y Construciones SA, por importe de 7.186,83 €. As obras foron recibidas o 11 de novembro de 2014. Este ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención pola Deputación da Coruña polo menos durante un prazo de cinco anos.

VALOR:..... 7.186,83 €

1224002.- PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE BRIÓN. Leváronse a cabo obras de reparación no interior do pavillón, consistentes no pintado da pista e das liñas de marcaxe. Estas obras foron financiadas pola Deputación Provincial da Coruña ao abeiro do Convenio de colaboración número 276/2013, de data 27 de novembro de 2013. As obras realizáronse por administración polo Concello e recibíronse o 25 de agosto de 2014. Este ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención pola Deputación da Coruña polo menos durante un prazo de cinco anos.

VALOR:.....15.913,36 €

As obras de reparación dos camiños descritos nos seguintes epígrafes foron financiadas pola Consellería de Medio Rural e do Mar, con cargo ao “Programa estratéxico de Infraestruturas do Medio Rural (PEIM Rural 2012). As obras consistiron na limpeza das marxes dos camiños, bacheo e dobre rega asfáltica e colocación de seis sinais de stop. As obras foron adjudicadas á empresa Anllar Construcciones SL, por importe de 56.785,70 € e foron recibidas polo Concello o 22 de maio de 2014.

1522220 RELEIXO – VIDALOÍSO: camiño de 575 metros de lonxitude e 3,00 metros de ancho.

1510006 GUNDIN - IGREXA DE BASTAVALES: tramo que vai desde Baliño a Saime, de 1265 metros de lonxitude e 3,3 metros de ancho e o tramo que vai desde a Igrexa de Bastavales a Vilas, de 1214 metros de lonxitude e 3,25 metros.

VALOR:..... 56.785,70 €

Realizáronse obras de mellora e mantemento de camiños rurais incluídos, incluídas no “Programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2013-2014” e descritos nos seguintes epígrafes:

1524107 AGUIAR - BRANS DE ABAIXO

1532024 XINZO

Foron financiadas pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. As obras foron adjudicadas á empresa Construciones Ponciano Nieto SL por Resolución da Alcaldía do 27 de marzo de 2014, por importe de 50.003,13 €. As obras foron recibidas o 29 de abril de 2014.

VALOR:..... 50.003,13 €

5. VEHÍCULOS:

5000035.- CAMIÓN LIXEIRO TODOTERRENO FORESTAL para a extinción de incendios forestais, marca URO, modelo VAMTAC CK, de cabina sinxela de 3000 litros de capacidade de auga, matrícula 8285 HTZ e número de bastidor: VS9DHJ1MQL009005. Foi cedido en propiedade pola Consellería do Medio Rural e do Mar o 31/01/2014.

VALOR:.....137.335,00 €

7. MOBLES:

7010003 NAS OFICINAS XERAIS

REXISTRO PLANTA ALTA

Destrutora marca Ideal, modelo 2404, serial 4169586 : 749,99 €

OFICINA AUXILIAR INTERVENCIÓN-SECRETARÍA

Armario con porta completa de 90x45x156 de cor haya: 256,79 €

7010008 NA OFICINA DA POLICIA LOCAL

Distanciómetro leica disto D2 láser: 180,29 €

7.03. ESCOLA DE MÚSICA

Punteiro en C de madeira de Mukulungo, completo con boquilla e palleta: 150,00 €

Roy Benson TT-227 Trombón Tenor Tub. Estrecha: 280,01 €

Atril plegable con funda: 100,00 €

7.07. GARAXE-ALMACÉN

Cortacespede Viking MB-755: 1.403,90 €

Desbrozadora Stihl FS-460: 832,15 €

Desbrozadora Stihl FS-460: 832,15 €

Podadora Stihl MS-192T: 339,41 €

Soplador Stihl MS-170: 551,65 €

Motoserra Stihl MS-170: 190,74 €

Desbrozadora Stihl FS-460: 832,06 €

7100004 ESCOLA INFANTIL DE AGRO NOVO

Escaleira de madeira de 87 de alto por 35 de fondo con banzos para nenos pequenos e rodas xiratorias con freo de seguridade: 219,01 €

Moble de 129 de largo 60 de ancho e 180 de alto en melamina de 19 mm con canto PVC 1 mm, parte baixa con 2 portas abatibles con pechadura e parte alta con estantes vistos: 284,35 €

Mesa de 240x45x3 en formica con canto pvc de 1 mm, escuadras abatibles: 163,35 €

Radio casete Daewo: 53,00 €

Quenta biberóns: 25,00 €

Televisor Sneider 39" cromia 3915, soporte TV SP312: 398,00 €

Hamaca extra: 57,92 €

Colchoneta tatami 245x245x2 cm lila: 315,21 €

Teléfono panasonic KXTG2511: 30,00 €

7.13. EDIFICIO DE PROTECCION CIVIL

Arnés de rescate profi worker standard: 438,26 €

Bobina de corda semi estatica de 10,5 m x 200 m kordas: 342,31 €

Bobina de corda dinamica de 10,1 x 70 m Petzl: 169,64 €

7.20 NO CENTRO SOCIAL POLIVALENTE

Deshumidificador Orbegozo 35 L: 249,00 €

Instalación de aire acondicionado, Daitsu climatizador Split Mural inverter: 6.751,80 €.

7.21. PINTURAS

Pinturas doadas polos autores que participaron no programa IX ENCONTRO COA ARTE "LEMBRANDO A ROBERTO VIDAL BOLAÑO" celebrado neste Concello no mes de Xuño de 2013.

Título: "Anima II"
Autor: Alba Roqueta
Técnica: Acrílico sobre cartón
Medidas: 60 x 40 cm.
Valor: 600 €

Título: "Carballo"
Autor: Beatriz Ansele
Técnica: Mixta sobre lenzo
Medidas: 50 x 50 cm.
Valor: 600 €

Título: "Ponte Maceira"
Autor: Chelo Rodríguez
Técnica: Acrílico sobre lenzo
Medidas: 46 x 55 cm.
Valor: 500 €

Título: "Ponte Maceira: Palomares"
Autor: Enrique Ochotorena
Técnica: Acuarela
Medidas: 44 x 29 cm.
Valor: 500 €

Título: "Ponte Maceiras"
Autor: Frutos Casado de Lucas
Técnica: Acuarela
Medidas: 46 x 61 cm.
Valor: 1000 €

Título: "Arbol azul"
Autor: Isabel Pintado
Técnica: Mixta sobre lenzo
Medidas: 65 x 51 cm.
Valor: 750 €

Título: "Ponte Maceira"
Autor: Jaime Galdeano
Técnica: Acuarela
Medidas: 43 x 63 cm.
Valor: 600 €

Título: "Puente Maceira"
Autor: José A. Regidor
Técnica: Acuarela
Medidas: 57x 77 cm.
Valor: 700 €

Título: "Rincón de Maceira"
Autor: José Regidor
Técnica: Acuarela
Medidas: 51 x 36 cm.
Valor: 400 €

Título: "Ponte Maceira"
Autor: José Galarzo
Técnica: Acuarela
Medidas: 66,5 x 46 cm.
Valor: 450 €

Título: "San Julian de Luaña"
Autor: José Galarzo

Técnica: Acuarela
Medidas: 49,5 x 29 cm.
Valor: 300 €

Título: "Ponte Maceira"
Autor: Luis Romero
Técnica: Mixta sobre lenzo
Medidas: 33 x 46 cm.
Valor: 600 €

Título: "Río Pego"
Autor: Luís Romero, M^a Xesús Díaz, M^a Manuela, X. Vazquez Castro, Isabel Pintado, Catuxa e Samira
Técnica: Acrilico sobre taboa
Medidas: 46 x 38 cm.
Valor: 650 €

Título: "Esperando en la ventana"
Autor: Maica Alonso
Técnica: Acuarela
Medidas: 38,5 x 48,5 cm.
Valor: 500 €

Título: "Ponte Maceira"
Autor: Maica Alonso
Técnica: Acrilico sobre carton
Medidas: 46 x 55 cm.
Valor: 300 €

Título: "Un rio cualquiera"
Autor: Manuel José Mendez Cavanillas
Técnica: Acuarela
Medidas: 40 x 30 cm.
Valor: 300 €

Título: "Ponte Maceira"
Autor: M^a Xesús Díaz
Técnica: Acrilico sobre taboa
Medidas: 30 x 60 cm.
Valor: 800 €

Título: "Ponte Maceira"
Autor: M^a Manuela Díaz Orjales
Técnica: Acuarela
Medidas: 43 x 63 cm.
Valor: 400 €

Título: "Sen título"
Autor: M^a Manuela Diaz Orjales
Técnica: Acuarela
Medidas: 38 x 48 cm.
Valor: 400 €

Título: "Último día"
Autor: M^a Manuela, José Galarzo, Frutos Casado e J.A. Regidor
Técnica: Acuarela
Medidas: 66 x 46 cm.
Valor: 600 €

Título: "Río Pego"
Autor: Ricardo de Arce
Técnica: Acuarela
Medidas: 38 x 53 cm.
Valor: 500 €

Título: "Luaña"
Autor: Veiras Manteiga
Técnica: Acrilico sobre lenzo

Medidas: 33 x 41 cm.
Valor: 600 €
Título: "Ponte Maceira"
Autor: Veiras Manteiga
Técnica: Acrílico sobre lenzo
Medidas: 38 x 46 cm.
Valor: 650 €

Título: "Óxido"
Autor: Rafael Arroyo
Técnica: Fotografía
Medidas: 30 x 40 cm.
Valor: 150 €

Título: "Sen título"
Autor: Ricardo Pérez Rilo
Técnica: Acrílico sobre papel
Medidas: 22,5 x 37,5 cm.
Valor: 300 €

Título: "As lârnias do Río Pego"
Autor: Xosé Vazquez Castro
Técnica: Acrílico sobre cartón
Medidas: 60 x 80 cm.
Valor: 1300 €

Título: "Pintando no Pego"
Autor: Xosé Vizoso
Técnica: Acrílico sobre papel
Medidas: 50 x 36
Valor: 600 €

Valor total.....15.050 €

PINTURAS: doadas polos autores participantes no Programa de Exposicións BrionArte 2014

Título: "Sosiego"
Autor: Paco Casal
Técnica: Acrílico sobre taboa
Medidas: 51 x 66 cm.
Valor: 600 €

Título: "Tempo de castañas"
Autor: Nolo Suárez
Técnica: Acrílico sobre taboa
Medidas: 53 x 60 cm.
Valor: 400 €

Título: "Trampitan"
Autor: Anselmo Lamela
Técnica: Acrílico sobre lenzo
Medidas: 100 x 73 cm.
Valor: 2000 €

Valor total.....3000 €

BAIXAS

7010003 NAS OFICINAS XERAIS

Cámara fotográfica dixital SONY CIBER - SHOT DSC-H7: 369,00 €
4 sillas xiratorias, 72.000 pts. (432,73€)
4 mesas de despacho laminadas con caixóns e ás, 174.400 pts (432,73 €)
Dúas mesas mecánicas e dous cubeteiros. 6.700 pts. (40,27 €)
Un numerador de man marca Casco. 1.500 pts. (9,02 €)
Unha máquina de grapas, unha perforadora e unha máquina de coser papeis sen grapas. 1.000 pts. (6,01€)
2 mesas gris 120x80x75, 2 buck de 3 caixóns c/r. 6 sillas fixas con brazos madeira. 2 sillas siratorias azuis. 904,78 euros

7010008 NA OFICINA DA POLICIA LOCAL

1 cámara dixital kodak P880: 342,00 €
Cámara dixital SonY DSC-H7: 425,60 €

7.04 BIBLIOTECA MUNICIPAL

Fotocopiadora KONICA 7020 26NF16404: 5.296,09 €
Ordenador Asus Vintage V2-PE2 Pentium IV 3.00 GHz 1024 MB de RAM, Monitor TFT Juraku 17": 800,00 €

7100004 ESCOLA INFANTIL DE AGRO NOVO

4 hamacas cadillac: 141,15€
2 sillas de madeira: 20,00 €
1 andador básico con música: 38,00 €
4 hamacas multiusos cadillac con barra de xogos: 141,15 €
3 colchonetas: 368,54 €
1 alfombras
1 trona gourmet: 54,84
1 mesa rectangular modelo nido de 110x55 cm: 113,33 €
1 encerado
1 mesa redonda: 73,28 €
3 estores
1 pizarra magnética
1 cambiador de bebes foam de 70x50x10: 42,34 €
armario de resina con 4 estantes
1 trona

RESUME DO INVENTARIO DO ANO 2014

Altas no ano 2014	365.512,02 €
Baixas no ano 2014	10.050,86 €
Inventario a 31.12.2013	34.767.371,36 €
Inventario a 31.12.2014	35.122.832,52 €

2º) Remitir copia íntegra do mesmo á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.”

Non se producen intervencións.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

5º) DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2015.

Dáse conta dos informes da Intervención e Tesouraría municipais sobre cumprimento das previsións establecidas na Lei 5/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, correspondentes ao 2º trimestre do ano 2015.

6º) DACIÓN DE CONTA DO INFORME SOBRE CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2015.

Dáse conta do informe da Intervención municipal do 15.07.2015 sobre o período medio de pago no 2º trimestre do ano 2015.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde declara rematado o acto, levantándose a sesión ás dezasete horas e quince minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde.

O secretario,

Vº e Prace,

José Luis García García.

José Manuel González García.